



## **INSTRUCCIÓN DO 12 DE FEBREIRO DE 2015 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES SOBRE A DETERMINACIÓN DA OFERTA DE PRAZAS NAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, establece no seu artigo 43 que as Comunidades Autónomas efectuarán a programación da oferta de ensinanzas das universidades públicas da súa competencia e os seus distintos centros, de acordo con elas e conforme aos procedementos que establezan.

A oferta de prazas comunicarase á Conferencia General de Política Universitaria para o seu estudo e determinación da oferta xeral de ensinanzas e prazas, que será publicada no Boletín Oficial do Estado.

Por outra banda, o punto 2 do artigo 7 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, establece o seguinte:

*“A Conferencia General de Política Universitaria velará por garantir o dereito dos estudantes a concorrer a distintas universidades. A tal fin, antes do 30 de abril de cada ano, a Conferencia General de Política Universitaria fará público o número máximo de prazas que para cada titulación e centro ofrecen cada unha das universidades públicas para o seguinte curso académico. As ditas prazas será propostas polas universidades e deberán contar coa aprobación previa da Administración educativa que corresponda.”*

Así mesmo, o Acordo de protocolo e boas prácticas no proceso de establecemento la oferta de prazas e titulacións, comunicado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte o 9 de maio de 2014, determina que para a fixación da oferta a Conferencia General de Política Universitaria solo terá en conta as titulacións de grao e máster que teñan rematado o proceso de verificación nese momento.



Á vista das modificacións introducidas polas mencionadas disposicións, a Secretaría Xeral de Universidades considera necesario facer públicas unhas instrucións sobre os criterios a ter en conta para a determinación da oferta de prazas nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, de cara a facilitar a programación da oferta en titulacións de grao e máster universitarios nos sucesivos cursos académicos.

**PRIMEIRA.** No mes de marzo de cada ano a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, solicitará ás universidades do SUG a remisión da proposta de prazas a ofertar para cada unha das titulacións oficiais de grao e máster para o seguinte curso académico, co fin de proceder á súa análise e aprobación previa á súa presentación na Conferencia General de Política Universitaria.

**SEGUNDA.** As universidades fixarán, para cada curso académico, un número máximo de prazas de novo ingreso para cada unha das titulacións oficiais de grao e máster que oferten.

**TERCEIRA.** As universidades so poderán incluír na proposta de oferta de prazas as titulacións que contén nese momento coa preceptiva resolución de verificación positiva do Consejo de Universidades. En todo caso, so poderán impartirse no curso académico posterior aquelas titulacións que, antes do 15 de setembro, contén coa autorización de impartición do departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia.

**CUARTA.** Non poderán ser incluídas na proposta as seguintes titulacións de grao e máster:

-as que non contén na data de presentación da proposta coa resolución favorable de verificación do Consejo de Universidades

-as que obteñan informe desfavorable no preceptivo procedemento de renovación da acreditación



-as que teñan iniciado o procedemento de extinción do plan de estudos, a supresión das ensinanzas ou a revogación da autorización de implantación

-os máster universitarios que no curso precedente non acadaron o número mínimo de alumnos de novo ingreso establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011, agás os que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada en España segundo a normativa estatal e europea aplicable.

**QUINTA.** A proposta de prazas de novo ingreso a ofertar para cada titulación deberá axeitarse, en todo caso, ao compromiso reflectido na memoria do título que obtivo a verificación do Consejo de Universidades, así como ao disposto na normativa autonómica reguladora das ensinanzas universitarias.

**SEXTA.** As universidades poderán propoñer a redución do número de prazas ofertados para unha titulación. A dita variación non poderá ser superior ao 5% respecto da oferta realizada no curso inmediatamente anterior e deberá aterse ás determinacións da normativa autonómica en materia de titulacións.

Cando unha universidade propoña unha redución superior ao 5%, esta deberá ser suficientemente motivada e será admisible nos seguintes supostos:

-que nos dous cursos anteriores a matrícula de novo ingreso fora claramente inferior á oferta de prazas deses cursos, sempre que a nova oferta proposta cubra a matrícula deses dous cursos

-que existan motivos de carácter excepcional e temporal, en ningún caso permanentes, que orixinen a dita redución e sexan xustificados pola universidade.

**SÉTIMA.** No caso de programas de simultaneidade de titulacións oficiais a proposta da universidade deberá facer constar de forma explícita o número exacto de prazas de novo ingreso ofertadas para dito programa e o número que, en consecuencia, deberá detraerse da oferta de novo ingreso a cada unha das titulacións afectadas.



O número de estudantes detraído computará nas titulacións afectadas para os efectos do cumprimento do establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011.

**OITAVA.** Recibidas as propostas de oferta de prazas, acompañadas no seu caso da motivación oportuna, a Secretaría Xeral de Universidades comprobará que estas se axustan aos criterios recollidos nas presentes Instrucións. En caso contrario, requirirase á universidade propoñente para que, no prazo de 10 días, facilite as aclaracións ou motivacións que estime convenientes para que a dita proposta sexa autorizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e trasladada á Conferencia General de Política Universitaria. De non atender ao dito requirimento, a consellería modificará a proposta presentada para a/as concreta/s titulación/s afectadas axeitándoa ás determinacións da presente instrución, dando traslado da mesma á Conferencia General de Política Universitaria.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2015

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro